

Obxectivos:

1. Promover a igualdade de xénero e visibilizar o papel da muller en diferentes culturas e ámbitos.
2. Fomentar a reflexión crítica sobre os estereotipos de xénero e a diversidade cultural.
3. Celebrar a contribución das mulleres á sociedade a través de actividades lúdicas, culturais e educativas.
4. Crear un espazo de encontro intercultural que fomente a convivencia e o respecto.

Recursos necesarios:

- Espazos: salón de actos, aulas, patio e entrada do instituto, Biblioteca.
- Materiais: decoración, equipos de son, proxector, utensilios para a xornada gastronómica.
- Colaboracións: familias, profesorado, AMPA, asociacións locais e artistas convidadas.

Aviación e Difusión:

- Enquisa de satisfacción para o alumnado, profesorado e familias.
- Reunión de valoración co equipo organizador para recoller impresións e propostas de mellora.
- Difusión Aula Virtual, prensa e instagram.



36006729 IES Valle-Inclán
C/da Vía de Montero Ríos S/N
36001 PONTEVEDRA
986.866.448
ies.valle.inclan@edu.xunta.gal



36006729 IES Valle-Inclán
Vía de Montero Ríos S/N
36001 PONTEVEDRA
Tlfo 986.866.448
ies.valle.inclan@edu.xunta.gal

**Semana Intercultural Feminista
Commemoración do 8M 2025-
Día Internacional da Muller**

***“A pegada das mulleres no
mundo”***



**IES VALLE-INCLÁN
PONTEVEDRA
Do 10 ao 14 de marzo de 2025**

Esta semana será unha oportunidade para celebrar a diversidade, aprender doutras culturas e reafirmar o noso compromiso coa igualdade de xénero. Esperamos que sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa!

Actividades:

Luns 10 de marzo:

Inauguración da Semana Intercultural Feminista na entrada do centro durante o primeiro recreo.

- Breve discurso da coordinadora de igualdade Dona Elisabete Oliveira e do director do centro D. Daniel Mejuto.
- Lectura do manifesto pola igualdade a cargo do alumnado do IES Sánchez Cantón.
- Decoración da entrada do instituto con bandeiras de distintos países e carteis con frases feministas en varios idiomas.

Martes 11 de marzo:

Xornada Gastronómica Intercultural.

"Sabores do mundo: cociña con nome de muller"

- O alumnado e as súas familias prepararán pratos típicos de diferentes culturas, destacando o papel da muller na gastronomía.
- Cada prato irá acompañado dunha breve explicación sobre a súa orixe e a importancia das mulleres na súa preparación e transmisión.
- Degustación de 14 a 15h no patio interior do centro.

Mércores 12 de marzo:

Xornada "Mulleres que moven marcos"

- Exposición nos corredores de mulleres referentes.
- Recital de poesía: **"Versos pola igualdade"**
Recital poético no que se rendirá homenaxe a dúas figuras destacadas da loita feminista do país veciño, Portugal. Trátase de Adília Lopes e María Teresa Horta (integrante do grupo das *"Três Mariás"* falecidas moi recentemente. O recital correrá a cargo de alumnado de diferentes niveis da ESO coordinado por Dona María de los Santos.
- O alumnado tamén poderá compartir as súas propias creacións literarias.
- Entrega de premios Ernestina Otero no Teatro Principal ás 11:30h (asistirá o alumnado Equipo de Igualdade do Espazo Seguro)

Xoves 13 de marzo:

Xornada Musical Concerto Intercultural: "Mulleres na música".

- O alumnado escoitará cancións de artistas mulleres de diferentes culturas e épocas e xéneros musicais variados: flamenco, jazz, pop, música tradicional africana etc.

Venres 14 de marzo:

Acto de clausura.

Clausura da Semana Intercultural Feminista

- **Peché musical da Semana Intercultural Feminista.**
- Interpretación do tema "Que mulher é essa" a cargo de alumnado de ESO durante o recreo.
- Proxección da metraje: **"Matria"** de 13:10 a 14:00h na Biblioteca.
- Palabras de agradecemento a participantes e colaboradores.



Foto exposición E. Rivero no Museo Torres de Marín

Equipo de Igualdade IES Valle Inclán